ÁLEX E O RATO DE CORDA

Texto e ilustracións de **LEO LIONNI**

Tradución de **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'**

Encadernado en cartoné. 22 x 27,5 cm. 40 páx. 15 €.
MEDALLA DE HONOR CALDECOTT (1969)

Álex e o rato de corda (galego)
ISBN 978-84-8464-310-4. Tras os montes.

Álex y el ratón de cuerda (castelán)
ISBN 978-84-8464-309-8. Clásicos contemporáneos.

L'Àlex i el ratolí de corda (catalán)
ISBN 978-84-16804-14-6. Clàssics contemporanis.

Alex eta sagu mekanikoa (éuscaro)
ISBN 978-84-7681-985-2. Gaur egungo klasikoak.

Alex e o ratinho de corda (portugués)
ISBN 978-989-749-076-7. Clássicos contemporâneos.

–Socorro! Socorro! Un rato! –berraron.
Despois, oíuse un golpe. Cuncas, pratiños e culleres
saíron voando en todas as direccións. Álex correu
ao seu burato tan veloz como as súas patas llo permitiron...

Este clásico de Leo Lionni, publicado por primeira vez en 1969, é a historia de Álex e Guille, dous ratos de distinta natureza -un de carne e óso; outro mecánico- unidos pola amizade. Esa diferenza non é obstáculo para que se fagan compañía, compartindo aventuras e felicidade.

O rato de xoguete non bota de menos a liberdade de moverse ao seu antollo porque se sinte querido pola nena da casa. Non obstante, farto de que o persigan coa vasoira, Álex daría calquera cousa por acadar o afecto do que carece.

A maxia da lúa preséntaselle ao ratiño maltratado como a oportunidade de ser igual ao seu amigo, cheo de abrazos malia renunciar á súa capacidade para moverse por si mesmo. Finalmente, Álex dáse conta do efémero que era o afecto do que Guille presumía e, nun acto de xenerosidade, pide para o seu amigo un desexo que procurara inicialmente para el.

Premiado coa Medalla de Honor Caldecott, este álbum ilustrado coa técnica do collage e de gran simplicidade gráfica, é representativo do característico estilo artístico do seu autor.

- **Temática:** historia sobre amizade, xenerosidade e afecto.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil de todos os tempos; collage; do autor de "Frederick", "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", "Nadarín", "O soño de Matías", "A casa máis grande do mundo", "Números" e "Cores", e a serie "Cando?", "Onde?", "Quen é?" e "Que é?" (Kalandraka).

Leo Lionni

(Amsterdam, Holanda, 1910 - Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: *"Dalgún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia"*. O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959, e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorréuselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", ao que lle seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com